

## ESTRUCTURA E PRAGMÁTICA DUN DICCIONARIO VOX BILINGÜE GALEGO-CASTELÁN-GALEGO

*Rexina R. Vega*

Universitat Autònoma de Barcelona

### I. O DICCIONARIO BILINGÜE

A ambición desde a que nace todo dicionario bilingüe é unha ambición modesta. A riqueza e a complexidade que cada lingua posúe quedan dificilmente reflectidas nun xustillo tan estricto como o que impón unha entrada lexicográfica onde o idioma se atomiza converténdose en palabra, en unidade independente da sintaxe, do discurso. Mais se ó problema da traducción, entendida como unha mera translación de unidades significantes, engadimos a dificultade que presenta unha lingua, a galega, aínda en proceso de consolidación normativa e cun tesouro lexicográfico en fase de elaboración, a empresa resulta, sen dúbida, arriscada.

O traballo dun bilingüe castelán-galego, galego-castelán obriga a meditar no estatuto profundamente desigual das dúas linguas, algo que non acontece cando a traducción é entre idiomas cunha sólida implantación tanto social coma académica. Esta situación anómala forza a repensar o horizonte que se traça un dicionario bilingüe convencional, que non é outro que o de ser un instrumento eficaz de codificación e decodificación que recolle a situación real de dous ámbitos lingüísticos.

E é que o perfil dun bilingüe non adoita ser normativo nin académico. O modelo sobre o que se constitúe é o do dicionario de uso, é dicir, aquel que se propón describir os valores e usos que das palabras fai un falante cun nivel cultural medio-alto. O tipo de vocabulario recollido obedece ó estándar culto, urbano e actual, sen esquecer determinadas palabras técnicas e especializadas. É así mesmo importante a presenza da linguaxe coloquial e xuvenil, propia das actividades dos mozos e dos medios de comunicación, esferas, estas últimas, claves para a vitalidade dunha lingua.

Mais, cando enfrontamos un bilingüe en galego, a necesidade de ofrecer unha visión real e actual do idioma bate contra a situación de inestabilidade da norma lingüística e a insatisfactoria normalización do galego en moitas das esferas que compoñen o contorno do

falante. A tarefa de proporcionar unha sensación de lingua viva ós lectores, escolares na súa maior parte, é, moitas das veces, irrealizable. O bilingüe galego-castelán-galego debe idearse como unha solución dacabalo entre o diccionario de uso e o normativo, mesturando criterios que, por unha banda, recollan a maior riqueza de expresións posible, incidindo, por outra, no aspecto prescriptivo.

Así, nunha obra lexicográfica onde as linguas teñen tan alto grao de proximidade, faise preciso definir un perfil de usuario con abundantes interferencias lingüísticas, feito este que demanda en ámbalas dúas direccións do diccionario, a do castelán-galego e a do galego--castelán, unha forte presenza de observacións tanto de carácter gramatical coma semántico, sen excluír as chamadas sancionadoras sobre expresións vixentes na fala, mais, hoxe en día, rexeitadas pola norma lingüística coma vulgarismos, dialectalismos ou barbarismos.

Como vemos, un diccionario bilingüe esencial en galego difire daqueles outros en linguas consolidadas no seu duplo carácter normativo e de uso. O carácter artificial ou forzado que en moitas ocasións caracteriza as traducións de vocábulos sentidos na outra lingua, o castelán neste caso, como naturais e frecuentes na fala, esixe, se non se cae na tentación de simplificar as acepcións e eliminar rexistros lingüísticos, unha vontade de consenso e de aceptación das decisións da institución impondo ó lector un proceso de aprendizaxe da súa propia lingua.

## II. DEFICIENCIAS DO CORPUS LEXICOGRÁFICO GALEGO DESDE A PERSPECTIVA DA TRADUCCIÓN

Á marxe dos problemas devanditos, cómpre salientar neste relatorio as dificultades que o actual estado do corpus lexicográfico galego presenta. Ó longo do traballo de redacción do *Vox esencial galego-castelán, castelán-galego*, tivemos oportunidade de constatar unha serie de eivas, de importante repercusión na tarefa de tradución, e que abrangerían problemas como a imprecisión ou confusión na definición das voces, as informacións contradictorias tanto categoriais coma semánticas, a carencia de usos figurados, a inexistencia de linguaxe coloquial e xuvenil ou a falta de glosarios sobre campos específicos.

Sen pretensión de exhaustividade ofreceremos agora, a modo de pinceladas, algúns exemplos concretos.

### II. 1. Confusión nas definicións das voces

Á hora de consultar as diferentes acepcións que unha entrada pode conter no seu seo, podemos atopar casos especialmente confusos. Pensemos, por exemplo, na voz *argallar*.

No *Diccionario Normativo Galego-Castelán*, Galaxia, 1988, ofrécense as seguintes traducións, coa súa correspondente definición:

**argallar**, vt. Planear, realizar o concebir un plan con alguna finalidad práctica. MA-QUINAR. TRAMAR. URDIR./ Organizar una fiesta, armar una diversión./vi. Trapacear, decir mentiras o inventar historias sin fundamento./ Embrollar, armar o provocar líos.

É doado comprobar as diverxencias coas que esta mesma voz se define no *Diccionario Xerais da Lingua*, 4ª edición, 1993.

**argallar** v. **1.** tramar, inventar mentiras, enredos ou trapalladas. **2.** organizar ou improvisar diversións de pouca importancia. **3.** discorrer ou inventar contos sen fundamento.

Así, se no *Galaxia* a primeira acepción é a de “planear”, é dicir, a de organizar algo cunha finalidade práctica, no *Xerais* encontramos o sentido de “planear” mais cun carácter negativo o de “tramar” que vai ligado a “mentiras, enredos e trapalladas”. A segunda acepción do verbo parece coincidente en ámbolos dous dicionarios, sen embargo o *Xerais* engade un matiz restrictivo, precisando que se trata de organizar diversións “de pouca importancia”. A terceira das acepcións, a de “inventar contos sen fundamento” é tamén relativamente semellante nos dous dicionarios. Non obstante, se ben no *Galaxia* a acepción presenta unha clara distinción verbo das anteriores, no *Xerais* o significado achégase confusamente á primeira das acepcións: “tramar, inventar mentiras, enredos ou trapalladas”.

Por último, se consultamos o *Diccionario da Lingua Galega*, Oubreiro. Santillana, 1995, atoparemos nesta entrada unhas definicións máis sintéticas:

**argallar** v. **1.** Preparar unha cousa ou facer planos para realizar algo: *Argallou unha festa que resultou moi vistosa. SIN.* Amañar, preparar. **2.** Dicar mentiras ou inventar algo para confundir e enganar a alguén: *Como sempre está a argallar falcatruadas, ningún o cre. SIN.* Enlear. **3.** Facer cousas consideradas de pouca importancia ou valor: *Está argallando no cuarto, aínda que el di que está facendo un barco.*

Como vemos, a acepción de “organizar unha diversión” e de “planear”, mestúranse nunha soa definición; mentres que a de “inventar contos sen fundamento” subsúmesese nun enunciado amplo que contempla a idea de “tramar” na primeira acepción do *Xerais* e a de “embarullar, armar líos”, en cuarto lugar no dicionario de *Galaxia*. Precisamente, neste último caso observamos unha diferenza notable, xa que se a acepción de “armar líos” preséntase no *Galaxia* como intransitiva, no *Santillana* atopamos este sentido da palabra como transitivo. Hai que salientar tamén no *Santillana* o encano dunha nova acepción do verbo con categoría intransitiva: a de “facer cousas de pouca importancia ou valor”.

## II.2. Informacións contradictorias sobre as categorías verbais

Desde a perspectiva dun bilingüe galego-castelán-galego, o aspecto do uso reflexivo ou pronominal dos verbos galegos cobra especial importancia, xa que deben consignarse as diferencias co español para evitar posibles interferencias lingüísticas. Mais esta cuestión, a do emprego ou non como reflexivo dos verbos galegos, semella non estar aínda ben fixada. Así, podemos encontrar no cotexo dos diferentes dicionarios galegos numerosas contradicións.

O verbo *casar*, por exemplo, na acepción de unirse en matrimonio, figura na maioría dos dicionarios consultados como intransitivo. A este respecto podemos citar o *Dicciona-*

rio *Xerais Castelán-Galego*, 1990, onde se fai unha observación expresa ó seu carácter non reflexivo:

**casar** v.t. [...] v.p. **3.** Casar v.i. (unirse en matrimonio). OBS. Na ac. **3** non é reflexivo en galego

Nembargantes, o *Diccionario da Lingua Galega*, Obradoiro-Santillana, 1995, si ofrece esta posibilidade de construción:

**casar** v. **1.** Unir en matrimonio un cura ou un xuíz a un home e unha muller ou unirse en matrimonio alguén: *Casounos un tío seu que é xuíz. Luís casou cando tiña vinte anos. Casáronse polo xulgado. Casámo-lo vinteseite de maio.*

Outro exemplo deste tipo de incoherencias pode ser o do verbo *desfondar*, coa particularidade engadida, neste caso, da aceptación ou non do seu uso figurado.

Así no *Diccionario Xerais Castelán-Galego*, 1990, podemos ler:

**desfondar** v.t. e v.p. **1.** desfondar (rompe-lo fondo de algo)./ v.t. **2.** Fondar (labrar fondo)./v.p. **3.** Esgotarse, fatigarse, cansar (perde-las forzas) OBS. Non é correcto en galego o seu uso como pronominal.

Pola contra no *Diccionario da Lingua Galega*, Obradoiro-Santillana, 1995, o verbo si aparece en construción pronominal no uso literal e figurado:

**desfondar** v. **1.** Quitarlle ou romperlle o fondo a un recipiente ou a algo. **2.** Cansar, esgotar: *a carreira desfondounos. Desfondouse cando lle quedaba pouco para rematar.* **SIN.** Desfalecer.

### II.3. Carencia de usos figurados

O proceso de normalización da lingua e a situación de provisionalidade que sofren, polo de agora, as obras lexicográficas galegas pode explicar, en parte, o problema da relativa ausencia de usos figurados en moitas das voces. Neste punto cómpre salientar a diferente fasquía que amosan os bilingües galego-castelán e os monolingües galego-galego. Así, se nos bilingües o uso figurado da voz é, polo xeral, recollido, feito que se debe, en alto grao, á presión do corpus castelán, nos monolingües o carácter figurado da voz adoita ser minimizado.

Vexamos, por exemplo, o caso do verbo *esmiuzar* que se no *Diccionario Normativo Galego-Castelán*, Galaxia, 1990, posúe dúas acepcións:

**ESMIUZAR**, vt. Desmenuzar, deshacer una cosa dividiéndola en partes pequeñas. **ESMIGALLAR**. **ESFARAGULLAR**./ fig. Desmenuzar, examinar menudamente una cosa.

No *Diccionario da Lingua Galega*, Obradoiro-Santillana, 1995, aparece só no sentido recto, o de “dividir algo en cachos moi pequenos”:

**esmiuzar**. v. Dividir algo en cachos moi pequenos: *Esmiúza ese ovo cocido para botarllo á ensalada.* **SIN.** Esfaragullar, esfarelar, esmigallar.

A fixación de usos figurados no corpus lexicográfico galego presenta, sen dúbida, problemas. O uso real da lingua, que é o que, en última instancia, marca as directrices do labor lexicográfico, demostra, ás veces, un baleiro no eido das expresións de estándar culto. De aí a sensación de artificiosidade que moitas das solucións ofrecen.

#### II. 4. Escaseza de linguaxe coloquial e xuvenil

Esa sensación de artificiosidade, á que aludimos en relación cos usos figurados das voces, preséntase tamén no eido do léxico xuvenil. Desde a perspectiva da tradución de ou ó castelán, a lingua galega parece mostrar unha insuficiencia ou unha falta de vitalidade importante. Así, unha voz castelá como *camello*, é traducida ó galego pola inexpressiva, por estándar, “traficante de drogas”. Vexamos a este respecto a recomendación prescritiva que ofrece o *Diccionario da Lingua Galega, Obradoiro-Santillana*:

**camelo** s.m. Mamífero ruminante de catro patas que ten pescozo longo, cabeza pequena e dúas chepas no lombo, que vive en terras desérticas. **OBS.** Débese evitar esta palabra co significado de “traficante de droga” ou co de “engano”, “estafa”.

Para seguir no léxico da droga, léxico, malia todo, moi espallado entre a mocidade, atopamos a ausencia de solucións propias en palabras como *canuto*, *china* ou *farlopa* ou, para continuar con experiencias, negativas pero frecuentes, en *catear* ou *chuleta*.

A falta no espazo dos dicionarios de voces argóticas ou naturais de ámbitos xuvenís, non quere dicir que estas non se produzan na fala. En relación con este feito, coidamos preciso facer un chamamento ós estudiosos para que non adíen un traballo de campo que permita arrequeantar o noso léxico cos neoloxismos que a lingua da rúa produce e que outorgarán, sen dúbida, ós dicionarios galegos unha dimensión de vitalidade e de actualidade. Trala enorme tarefa de fixar un estándar do galego, cómpre agora afondar nos rexistros familiares, vulgares e mesmo cultos do idioma para transmitir ó lector en xeral, e máis especificamente ós escolares, a idea dunha lingua áxil e versátil.

### III. CRITERIOS PARA A REDACCIÓN DO VOX ESENCIAL GALEGO-CASTELÁN-GALEGO.

Logo da sumaria exposición dalgunhas das principais dificultades que o corpus lexicográfico galego presenta, quixeramos abordar, así mesmo de modo sucinto, os criterios que guiaron a redacción do *Vox esencial Galego-Castelán, Castelán-Galego*.

O modelo trazado tentou conxugar o carácter de dicionario de uso e prescritivo, procurando ofrecer unha visión o máis rica e profunda sobre as palabras e sobre a lingua. Para levar a cabo este cometido decidiuse actuar cun criterio de tradución o máis rigoroso posible, atendendo ó pleno funcionamento da equivalencia en tódolos contextos.

Así, tratouse con especial coidado a adecuación do nivel de lingua e do contido semántico, evitando traducións como a seguinte, tirada do *Diccionario Xerais Castelán-Galego*:

**abdomen** s.m. **1.** Abdome, barriga, ventre. **2.** fig. Bandullo, barriga, panza (esp. cando é prominente).

A falta de correspondencia na traducción da segunda acepción resulta evidente. O carácter de estándar culto que a palabra castelá posúe é traizoada na traducción ó galego, que emprega unha palabra de nivel familiar que non funcionaría nos mesmos contextos.

A orientación sinonímica que preside o *Diccionario Xerais Castelán-Galego* significa, na nosa opinión, un valioso esforzo a prol da promoción da riqueza da lingua. Sen embargo, cremos que este valor carrega tamén outras consecuencias negativas confundindo ó lector cun número excesivo de traduccions. A coincidencia de moitas das voces da lingua de partida coa lingua de chegada xera unha sobreinformación que pode non resultar demasiado útil para o usuario. A dificultade para distinguir as traduccions ou equivalencias plenas daquelas solucións sinonímicas pode, en última instancia, levar ó lector a optar pola primeira das voces da acepción sen apreciar as posibilidades expresivas que o léxico patrimonial galego posúe. Este é o caso, por exemplo, da entrada *abandonar*, resolta no *Diccionario Xerais Castelán-Galego* do seguinte xeito:

**abandonar** v.t. **1.** Abandonar, deixar (abandonou a familia e marchou para América). **2.** Abandonar, deixar, desocupar (temos que abandona-lo local)./ v.p. **3.** Abandonarse, abandallarse, desdeixarse, desleixarse, descoidarse (no coidado do aspecto). **4.** Abandonarse, desafoutarse, desanimarse.

Como vemos, a proximidade dos sinónimos galegos da voz *abandonar* cos sinónimos da mesma voz castelá é moi grande. Deste xeito, as solucións máis propias do galego son minimizadas en medio da enxurrada sinonímica, xerando a dúbida acerca do seu carácter como traducción plena.

De acordo cos argumentos expostos, o noso criterio de redacción no *Diccionario VOX esencial Galego-Castelán, Castelán-Galego* foi o de promover as voces do idioma atendendo sempre á precisión da traducción. Esta sería pois a nosa proposta para a traducción da entrada *abandonar*:

ENTR = abandonar  
 NUME = 1  
 CATG = tr  
 TRAD = abandonar  
 NUME = 2  
 CATG = pr  
 INDI = descuidarse  
 TRAD = abandonarse, abandallarse, desleixarse

A decisión de simplificar a estrutura da entrada baséase no desexo de facilitar o labor de codificación e decodificación para o usuario. Cando a traducción de varias acepcións é idéntica optouse por agrupar ditas acepcións nunha soa, de carácter xenérico. Así a acepción de “deixar” e de “desocupar”, que figuran independentemente na entrada *abandonar* do *Diccionario Xerais*, son compactadas baixo a marca da categoría verbal transitiva. Por

contra, o carácter pronominal do verbo xera traducións específicas que son respectadas, aclarando o seu contido semántico coa axuda dun indicador.

O noso obxectivo foi, pois, o esforzo na precisión da tradución, loitando por dar cabida á riqueza da lingua e tentando, ó mesmo tempo, non incorrer no campo sinonímico.

Esta vontade de afirmación da riqueza da lingua, importante en calquera bilingüe, cobra especial relevo no caso que nos ocupa, por mor da altísima coincidencia de voces que presenta o galego e o castelán. O perigo do predominio das solucións comúns en ámbalas dúas linguas sobre aqueles vocábulos pertencentes ó acervo patrimonial, plana como unha seria ameaza para o futuro do idioma. No *Vox esencial*, conscientes da repercusión que un diccionario pode ter para a formación e a construción dunha idea da lingua nos escolares, optamos por privilexiar na tradución as voces patrimoniais, sempre e cando o seu uso estea o suficientemente espallado na fala. Estes son os casos de, por exemplo, *doado e fácil*:

ENTR = fácil  
 NUME = 1  
 CATG = adj  
 INDI = sencillo  
 TRAD = doado, fácil (<pl> fáciles)  
 NUME = 2  
 CATG = adj  
 INDI = probable  
 TRAD = fácil

*desartellar e desarticular*:

ENTR = desarticular  
 CATG = t  
 TRAD = desartellar, desarticular

*desacougado e desasosegado*:

ENTR = desasosegado,-da  
 CATG = adj  
 TRAD = desacougado, desasosegado

*axeitado, adecuado*:

ENTR = adecuado,-da  
 CATG = adj  
 TRAD = axeitado, adecuado

ou *beizo, labio*:

ENTR = labio  
 CATG = m.  
 TRAD = beizo, labio

Non se nos oculta, sen embargo, a dificultade que esta decisión presenta en infinitas ocasións, onde a apreciación do criterio de frecuencia de uso depende máis da propia

experiencia da lingua que posúe o redactor que duns datos contrastados. Así unha palabra castelá como *adornar* presenta en galego varias posibilidades de traducción, mais as voces diferenciais non semellan ter unha presenza tan activa na fala como a solución coincidente coa castelá. Neste caso, por tanto, a orde das traducións sería a seguinte:

ENTR = adornar

CATG = t-pr

TRAD = adornar(se), adobiar(se), enfeitar(se)

No que respecta á transmisión dos contidos semánticos das palabras e o seu valor na lingua o *Diccionario Vox*, desde a súa evidente limitación en tanto que bilingüe esencial, opta por empregar o recurso ós indicadores e ós exemplos de uso. Así, para paliar a inexistencia de definicións, e, sempre e cando as acepcións da voz castelá ou galega xeren traducións diferentes, figurará un indicador na lingua de entrada que pode ser, ben un sinónimo:

ENTR = abafo

NUME = 1

CATG = m.

TRAD = asfixia <f.>, ahogo

NUME = 2

CATG = m.

INDI = mal olor

TRAD = tufo, hedor

NUME = 3

CATG = m.

INDI = preocupación

TRAD = agobio

Ou o obxecto que acompaña á entrada nesa acepción:

ENTR = aba

NUME = 1

CATG = f.

INDI = de vestido

TRAD = falda

NUME = 2

CATG = f.

INDI = de montaña

TRAD = falda, ladera

NUME = 3

CATG = f.

INDI = de sombreiro, tellado

TRAD = ala

Os exemplos empregados son frases que ilustran o uso da acepción dunha palabra ou dunha locución co fin de amosalo en contexto ou salientar algunha peculiaridade sintáctica



ou gramatical. Especialmente frecuentes son os casos onde estimamos precisa a súa existencia debido a indicadores moi xenéricos ou amplos que agachan pequenas diferencias ou matices de significado:

ENTR = pensar  
 CONX = [27]  
 NUME = 1  
 CATG = intr.  
 INDI = discurrir  
 TRAD = pensar  
 NUME = 2  
 CATG = intr.  
 INDI = opinar  
 TRAD = pensar, coidar  
 EXEM = pienso que no está bien  
 TRAE = penso/coido que non está ben

Noutras ocasións, o exemplo virá motivado pola relativa rareza da voz:

ENTR = abafallar  
 CATG = tr.  
 TRAD = despreciar  
 EXEM = é un mal xefe, abafalla ós seus empregados  
 TRAE = es un mal jefe, desprecia a sus empleados

Continuando coa exposición dos modos de composición do artigo no *Diccionario Vox* esencial, cómpre falar agora das observacións, na súa maioría de carácter sintáctico ou gramatical, que xorden para advertir o lector das peculiaridades diferenciais que presenta a lingua de saída.

A perspectiva contrastiva e a consideración das posibles interferencias lingüísticas que poida padecer o usuario son os vectores prioritarios desde os que se redacta a observación, tal e como demostra o seguinte exemplo:

ENTR = a  
 CATG = prep.  
 TRAD = a  
 OBSE = En gallego esta preposición contrae con el artículo determinado dando como resultado: <ó> (o <ao>), <ós> (o <aos>), <á>, <ás>. Debe evitarse en los complementos directos {<(fue a visitar a un amigo,>} *foi visitar un amigo*, excepto en los casos en los que estos sean nombres propios o pronombres {<vi a Pedro en la playa,>} *vin a Pedro na praia*

Por último, faremos unha breve mención ó apartado das combinacións, locucións e frases feitas que significan un importante aporte á vivacidade da lingua. Neste punto o criterio seguido foi o de ofrecer traducións plenamente equivalentes, privilexiando, no caso de que haxa varias solucións, aquelas que presenten con maior claridade o xenio do idioma.

Así, desbotando do dicionario, por problemas de espacio, aquela fraseoloxía de tradución coincidente co castelán, como podería ser “*el otro mundo*”: *o outro mundo*, “*por esos mundos de Dios*”: *por esos mundos de Deus*, “*por nada del mundo*”: *por nada do mundo*... ou aquela para a que non haxa máis que unha tradución feble como, por exemplo “*darlas con queso*”, o *Vox esencial* contempla sintagmas lexicalizados e locucións e fraseoloxía, indicando as posibles variantes:

ENTR = dios  
 CATG = m.  
 TRAD = deus  
 LOCU = ¡dios mío!  
 TRAL = ¡meu deus!  
 FRAS = dios aprieta pero no ahoga  
 TRAF = nunca choveu que non escampara  
 FRAS = hubo la de Dios es cristo  
 TRAF = houbo o demo e maila nai  
 FRAS = necesitar Dios y ayuda  
 1TRAF = custar ferro e fouce  
 2TRAF = custar gran e fariña

Xa para rematar, e logo de ter enfrontado, de modo esquemático, algúns dos principais problemas que suscita o corpus lexicográfico existente e de referir, de xeito práctico, os criterios desde o que se redactou o *Diccionario Vox*, gustaríanos volver incidir no carácter peculiar co que nace un bilingüe galego. O seu estatuto ambiguo, dacabalo entre o dicionario de uso e o dicionario normativo e os baleiros léxicos que empecen a tradución plena en galego desde linguas máis normalizadas, induce a calquera proxecto desta natureza a uns resultados insatisfactorios.

Conscientes destas limitacións, os obxectivos, logrados ou non, que o equipo de redacción do *Vox* bilingüe trazou foron os da precisión semántica na tradución das entradas, respectando o nivel de lingua, e os da promoción, evitando o perigo sinonímico, das voces patrimoniais, todo isto desde unha perspectiva o máis didáctica e clarificadora posible.